

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN
3. COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS
4. FLEXIBILIDADE DO HORARIO
5. ACTIVIDADES PARA UNHA MELLOR ADAPTACIÓN
6. DISPOSICIÓN DA AULA
7. AVALIACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á nosa escola supón un cambio importante na súa vida; implica a saída do mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido, para pasar a a outro descoñecido no que vai ser mirado dende un punto de vista diferente.

Non é un momento sinxelo. Os nenos e nenas deben coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos e relación... Non todos reaccionan igual diante da mesma situación. As respostas son variadas e cada unha delas require unha atención diferenciada.

O modo de resolver estas primeiras experiencias educativas e sociais terá unha grande influencia na súa futura actitude, nas súas relacións cos docentes e na calidade das súas aprendizaxes.

Por todo isto é necesario facer unha planificación coidada da súa incorporación á escola.

2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

Tendo en conta a ORDE do 12 de xuño de 2017 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2017/18 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, que na súa Disposición adicional segunda. Período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro establece que período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, a que se refiren o punto 1.8 do capítulo VI do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos organizativos e de funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

de Educación e Ordenación Universitaria, o punto 53 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, e o artigo 3 da Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se poderá prolongar máis de 10 días lectivos desde a data de inicio das clases.

Para a elaboración deste Plan de Adaptación tivemos en conta as directrices especificadas no Decreto 330/2009 de 24 de xuño que establece o currículo de Educación Infantil e a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.- Período de adaptación.

1. Os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe.
2. A organización deste período garantirá a integración gradual, do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas. En todo caso, estableceranse no proxecto educativo do centro as medidas organizativas e pedagóxicas para este período. Este período en ningún caso poderá superar o mes de setembro e concretarase anualmente na orde que establece o calendario escolar para cada curso académico.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden son:

- Facilitar o cambio emocional que supón a incorporación á escola para os nenos e nenas e para as súas familias.
- Consegur que o alumno teña interese pola escola, que nela se sinta a gusto e que saiba desenvolverse dentro do grupo, utilizando dun xeito adecuado espazos e materiais.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado para mellorar o coñecemento mutuo.
- Xerar relación vinculantes entre nenos, nenas e as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.

4. COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

No proceso de adaptación non só están implicados os nenos, senón que tamén xogan un papel importante as súas familias. Os pais tamén terán que experimentar, en xeral, pequenos ou grandes cambios para axudar ós seus fillos/as nesta tarefa.

A maneira en que os pais vivan a entrada do seu fillo na escola (os seus temores, as súas expectativas, a súa ansiedade, a súa angustia, a súa seguridade ou inseguridade, o seu grao de confianza nas posibilidades do neno/a e na institución, etc...) todo elo é transmitido e captado polo alumno.

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

É importante, polo tanto, crear un clima de tranquilidade e confianza mediante o cal as familias teñan claro onde deixan aos seus fillos, o que se espera deles, como poden axudar nestes primeiros días...

A confianza é un elemento indispensable neste período e debemos ser especialmente coidadosos á hora de requirir información acerca dos seus fillos. Procuraremos que as familias non se sintan asediadas polo noso afán de coñecer os nenos.

No momento da matrícula a fixaremos a data e a hora da reunión conxunta que terá lugar no mes de xuño. Nesta reunión darase a posibilidade de vir cos nenos a visitar o cole en datas próximas.

O primeiro día de clase teremos unha reunión para recoller o material e repasar as normas dadas (mochilas, batas, merendas...)

5. FLEXIBILIZACIÓN DO HORARIO

A palabra clave que define o calendario e o horario no período de adaptación é FLEXIBILIDADE.

A entrada dos alumnos farase, en principio da seguinte maneira:

- O día de comezo do curso, establecido cada ano no calendario oficial, virán só os pais dos nenos/as. Será unha reunión na que os pais tomen un primeiro contacto co/a mestre/a. Nesta reunión trataranse temas xa recollidos na reunión de xuño e outros de interese.
- O horario durante o período de adaptación será flexible, e durante o curso 2022-2023 será como segue:

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

8 e 9 de setembro	De 12:30 a 14
Do 12 ó 16 de setembro	De 11:30 a 14
24, 25 e 26 de setembro	De 10 a 14 horas

* Terase en conta o alumnado que asiste ó comedor escolar.

Na xornada escolar non podemos esquecer a importancia do RECREO, onde os nenos de Educación Infantil se relacionarán entre eles xogando, conversando... É moi importante que o mestre estea presente nestes recreos os primeiros días de adaptación, tanto para obter información a través da observación directa, como para permanecer no alcance visual dos pequenos.

6. ACTIVIDADES PARA UNHA MELLOR ADAPTACIÓN

Debemos ser conscientes de que podemos atopar alumnos que presenten condutas conflitivas (agresividade, dependencia...), que formaban xa parte da súa personalidade antes da entrada na escola e que non podemos pretender modificar neste período, senón que debe ser froito da súa propia evolución persoal, axudado pola escola e a familia.

Con estas actividades pretendemos favorecer os seguintes aspectos:

- Xogo libre nos distintos recunchos da aula
- Actividades de corro que axuden a coñecerse entre eles.
- Xogos de presentación: xogos de descubrimento da aula, uso do material, os recunchos...
- Manipulación de distintos materiais de maneira libre ou dirixida (plastilina, pintura de dedos...)

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

- Percorrido polas dependencias do centro: biblioteca, aseos, corredores, patio, ximnasio, aula de música, aula de audiovisuais, comedor...
- Diálogo coas distintas persoas que traballan no centro: conserxe, persoal de limpeza, Mestres, cargos directivos...
- Manipulación dos distintos xoguetes que hai na aula: bonecas, cociña, coches, puzles, etc...
- Contos
- Circuitos sinxelos de psicomotricidade

7. DISPOSICIÓN DA AULA

A disposición da aula é outro factor que pode favorecer ou entorpecer o proceso de adaptación dos alumnos/as, por iso debe ser un aspecto a ter en conta ao iniciarse un novo curso. Neste senso procuraremos:

- Que non haxa un exceso de materiais ao alcance dos nenos/as, para intentar evitar desordes na aula que poderían converterse en hábito para os alumnos.
- Que os materiais que poñemos a súa disposición sexan sinxelos e resistentes.
- Que teñan maior importancia os recunchos nos que se poidan desenvolver actividades de tipo simbólico, similares ao xogo que os nenos/as poden practicar nas súas casas, como coches, bonecos, cociña, etc...

Ademais de dedicar atención aos espazos máis abertos da aula (alfombra, xogo simbólico...), nos que a mobilidade e a actividade libre son os principais atractivos para os nenos que empezan na escola, non podemos

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

esquecer os espazos e actividades refuxio (mesas, debuxo, plastilina...) que permitan o traballo individual e nos que algún nenos se sintan máis seguros ao non verse na obriga de establecer interaccións cos outros para a súa realización.

Avaliaremos non só o proceso de adaptación de cada alumno senón tamén os resultados da propia posta en práctica da programación deste período.

Nesta primeira fase de escolarización terá gran importancia a recollida de información sobre os nenos, así como sobre o seu ambiente familiar. Algúns dos datos conseguíremolos mediante a realización de entrevistas (entrevista entregada) ou pequenas conversas coas persoas próximas ao neno/a, pero a maior parte da información directa, fixando a atención en aspectos tales como:

- A chegada: actitude coa que entra na escola (chorando, alegre, tímido...); se se aferra a algún obxecto ou ao familiar que o acompaña.
- A relación cos espazos: permanece preferentemente nun espazo concreto ou móvese polos distintos recunchos dun xeito natural. Se presenta curiosidade por coñecer espazos novos e se ten exceso de mobilidade...
- A relación con outros nenos: xoga só ou relacionase cos seus compañeiros (xoga cos que xa coñecía previamente ou con todos). Prefire estar en grupos pequenos ou en gran grupo.
- A relación cos adultos:
 - Relación co adulto acompañante: non se despega del, só se achega para pedirle axuda..., presenta condutas de chamada de atención.
 - Actitude do adulto ante as demandas do pequeno
 - Relación coa mestra: rexeitamento, aceptación, confianza..., presenta condutas de chamada de atención.

PLAN DE ADAPTACIÓN ESCOLAR

- A relación cos irmáns no centro

Polo que respecta á avaliación da propia programación observaranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- Se se acadaron os obxectivos propostos.
- Se as actividades foron as máis axeitadas en cada momento.
- Se as familias se implicaron no proceso de adaptación dos seus fillos.
- Se houbo que facer moitas adaptacións á programación inicial.
- Cal foi o nivel de estrés profesional neste período.
- Se se aceptou a presenza das familias sen tensións.
- Se a organización da aula foi axeitada ás características deste período.
- Se a previsión de materiais e recursos foi organizada con tempo.

A avaliación será levada a cabo polo Equipo de Educación Infantil correspondente, e recollerase por escrito, para que quede constancia, no libro de actas do ciclo.